



Rehabilitación do Souto da Feira de Montes

Recuperando espacios públicos para disfrute dos veciños

Dinamización social



O Concello de Cualedro organiza ao longo do ano actividades de carácter social e cultural para veciños e veciñas de tódalas idades. O obxectivo é buscar alternativas de lecer e de formación ocupacional a prol dunha maior dinamización municipal.

Tradicións vivas



Os Magostos seguen a sela celebración por excelencia do outono. A título individual, ou en xuntanzas populares, a nosa xente segue mantendo vivas as tradicións. O mesmo acontece cos alumnos do colexio público.

Visitas pastorais do bispo



O bispo de Ourense, don Luis Quinteiro, visitou nos últimos meses varias parroquias do concello de Cualedro. Ademais de presidir oficios relixiosos, mantivo reunións cos veciños e veciñas para coñecer as súas inquedanzas.

Editorial

Na procura dunha maior coordinación das distintas Administracións

As recentes e intensas nevaradas de novembro e decembro supuxeron para os máis novos unha novidade e ós nosos maiores fixólles lembrar tempos xa un pouco lonxanos, pero que eran normais a mediados do século pasado, cando quedaban incomunicados durante varios días ou semanas enteiras. Daquela, esta situación asumíase con naturalidade, nunha época na que as comunicacións eran complicadas e non había servizos públicos, nen sequera luz eléctrica.

Hoxe, por sorte, vivimos nunha sociedade ben diferente, con maior calidade de vida, grazas a unhas prestacións e comodidades que se foron conquistando coa chegada do progreso. Ou iso creíamos ata hai pouco, porque as nevaradas supuxeron para moitos veciños e veciñas un pesadelo. Aínda así, as brigadas quita-neves da Deputación actuaron con prontitude e apenas se rexistraron outros problemas que a necesidade de conducir con precaución. Pero tamén se detectou unha falla de coordinación entre as Administracións competentes na nosa rede viaria, Xunta, Deputación Provincial e Ministerio de Fomento, que sería necesario

mellorar cun dispositivo máis eficaz no tempo, cunha actuación máis rápida, e chegando a tódolos núcleos de poboación do noso municipio.

A pesar desta pequena crítica, sempre constructiva, Cualedro resentíuse menos dos problemas das nevaradas que outros concellos da nosa comarca. Tamén é certo que estas inclemencias adversas non son raras no noso concello, polo que a Corporación Municipal e, sobre todo, o Goberno do Concello saben como actuar nestes casos, a través da maquinaria que foi adquirindo nestes últimos anos. Aínda así sería bo dispor dunha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cualedro. Un grupo de homes e mulleres que, de xeito desinteresado, traballasen de arreo, cando as circunstancias o demandasen, para que a vida de tódolos veciños e veciñas sexa mellor. Un recoñecemento que será obrigado durante todo o ano, pero, especialmente, durante as inclemencias que se rexistran nos meses do outono e inverno. Un exemplo de esforzo solidario do que queremos sentimos orgullosos.



2009: dobre cita electoral para os comicios europeos e autonómicos



O 2009 volve ser ano electoral, con dúas citas igualmente importantes: a primeira, durante o mes de marzo, para eleixilos deputados do Parlamento Galego, do que sairá o próximo Goberno autonómico. A poucos meses vista, as Eleccións Autonómicas ofrecen, sobre todo, dúas alternativas: un Goberno con maioría absoluta, ó que aspiran o Partido Popular e o PSdeG-PSOE, e un posible pacto entre socialistas e nacionalistas, co que se reeditaría o bipartito que gobernou Galicia os últimos catro anos. Dicimos isto porque as outras forzas políticas apenas teñen posibilidades de acadar representación parlamentaria. E, despois, no mes de xuño, seremos convocados de novo, esta vez para eleixilos eurodiputados do Parlamento de Estrasburgo, da Unión Europea. ■

Os veciños de Montes disfrutaron do Souto da Feira A rehabilitación respetou os castiñeiros centenarios



Concello e Presidencia colaboraron na mellora do espacio público de Montes

O 10 de decembro foi especial para os veciños e veciñas de Santa Baia de Montes: o día da festa da patrona coincidiu cos actos oficiais da inauguración do Souto da Feira, unha vez completados os traballos de remodelación, promovidos polo Concello de Cualedro coa colaboración da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). En total, investíronse 90.715,33 euros para renovación da praza, realizar unha actuación de mellora na zona dos castiñeiros, instalar iluminación e mobiliario público e a construción dunha zona recreativa para os máis novos, cun valado de protección e varios aparellos de xogos.

Ao acto oficial asistiron o alcalde, Luciano Rivero, a directora xeral de Administración Local, Begoña Rodríguez Rumbo, a delegada en Ourense da Consellería da Presidencia, Cocepción Camiña, o párroco, don Fernando (que bendeceu as instalacións) e numerosos veciños e veciñas de Montes. Luciano Rivero lembrou o especial agarimo de atoparse no pobo da súa nai e da necesidade de seguir mellorando os espazos públicos en tódolos núcleos do municipio.



Esta actuación incluíu unha zona de xogos infantís e o encintado e limpeza da fachada do centro social. A inauguración, o día de Santa Eulalia, foi unha pequena festa con música e un pequeno ágape no centro veciñal da antiga escola.



Iniciativas a prol dun concello moderno

En colaboración coa Deputación Provincial e a Xunta, e, outras veces, coas brigadas municipais de obras, o Concello de Cualedro desenvolve ao longo do ano diferentes actuacións destinadas a modernizar os servizos básicos en todos os núcleos de poboación. Unhas obras que inciden tamén na mellora da calidade de vida de todos os veciños.

Asfaltado e reparación de pistas en zonas agrícolas e acceso a granxas

O Concello de Cualedro xestionou coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a execución de varias obras para mellorar pistas de uso agrícola en diferentes zonas do noso municipio. En total, contéplase o investimento de 102.384,92 euros para arranxar máis de 4 quilómetros de vías agropecuarias. As actuacións que se levarán a cabo localízanse en A Xironda (unha pista de 1,5 quilómetros); Vilela (300 metros); Pedrosa (360 metros); Saceda (500 metros) e Lucenza (100 metros, na subida ó depósito).

Outra xestión do Goberno municipal encamiñase ó asfaltado de varias pistas de acceso a granxas en Montes, A Xironda, Cualedro, Pedrosa, Carzoá e outros núcleos. O investimento previsto é duns 100.000 euros.

Cualedro beneficiase do Fondo Estatal de Investimentos Locais

Dos fondos consignados polo Goberno central para fomentalo emprego nos concellos, a Cualedro correspóndenlle algo máis de 380.000 euros. Esta cantidade asignouse tendo en conta o censo de poboación e pretende facer fronte á crise actual coa inxección de cartos públicos. Unha vez recibida a confirmación, o Concello de Cualedro decidiu que se investirán nos próximos meses no acondicionamento de prazas públicas en Penaverde, Rebordondo e Baldriz, na escola da Saceda e nun plan de aforro enerxético en Montes e Cualedro. ■

Hai tempo que os muíños foron perdendo a importancia económica e social que tiñan nos pobos. Eran lugares de reunión e aínda perviven na memoria de moita xente. O Concello de Cualedro propúxose recuperar na medida do posible estes edificios de grande interese etnográfica. Un exemplo témolo en As Mercedes, cunha ruta de sendeirismo.



Valado da ruta



Pasarela no muñi

O Fondo de Inversión Local para o Emprego consignou para Cualedro unha partida de 380.171 euros, que serán investidos na construción ou reparación de prazas públicas en varios pobos do municipio; tamén está prevista a reparación da antiga escola da Saceda e a posta en servizo dun plan de aforro enerxético.



Cambio que afecta

■ O Plan Director de Política Pública da titularidade da comunicación oficial OU-1108, en Cualedro do de Galicia. A c. 304). Tamén p da Xunta.

A exposi elaborac

■ Coa expo-
desen presen-
Ordenación M-
novo prazo pa-
adaptarse á n-
cipal teima do
sobre as zona-
nas que se p-
medioambiental

"O Concello ten a obriga de solucionar a c



Muíño do Alejos



Panel de situación

Ruta de As Mercedes

O Concello xestionou a creación dunha ruta de sendeirismo en As Mercedes, a través do Plan de Cooperación Transfronteiriza de España e Portugal (Interreg III A). O trazado discorre a carón do regato e dos muíños do tío Luis, do tío Berto, do tío Mateo, do tío Serafín e do Alejos. As obras, realizadas pola Confederación Hidrográfica do Douro, consistiron na limpeza e delimitación da ruta de sendeirismo con valados de madeira e varias pasarelas para salvar o río e os desniveis do terreo. Trátase dun percorrido curto (un quilómetro, facendo a ruta circular) ó que se accede na entrada ó pobo de As Mercedes, continúa en paralelo á estrada e remata ó pasalo muíño do Alejos, coa posibilidade de regresar polo mesmo camiño ou pola estrada.



Muíño do tío Luis



Zona do muíño do tío Mateo

de titularidade de varias estradas pasan a Cualedro

O director de Estradas de Galicia, elaborado pola Consellería de Territorial, Obras Públicas e Transporte, decidiu camión de dúas estradas que afectan directamente ás vías viarias do concello de Cualedro. Así, a estrada provincial de Baltar a Cualedro (enlaza en Baltar coa OU-304, e coa OU-1020), pasa da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia, é a que vai de Xínzo a Cualedro por Novás (OU-1020), pasa da Deputación á Consellería de Política Territorial e Infraestruturas.

decisión pública, novo trámite na tramitación do Plan de Urbanismo

A decisión ó público para que os veciños e propietarios poidan presentar alegacións, continúa a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Cualedro. Abriuse dende entón un prazo para resolver esas alegacións que, en todo caso, deberán resolverse pola nova Lei do Solo de Galicia. Precisamente, esta é a primeira vez que o PXOM, xa que as alegacións inciden en diferenzas de delimitación de núcleos e, polo tanto, das áreas de urbanización poderán edificar. Tamén se fixo un estudo de impacto ambiental.

As brigadas da Deputación Provincial realizaron traballos na rede viaria local

■ Un ano máis, a Deputación Provincial de Ourense atendeu a solicitude do Concello de Cualedro para acometer a reparación de estradas, camiños e pistas de ámbito local que presentaban algún desperfecto. As brigadas de obras da institución provincial realizaron bacheos e outros traballos para conservar estas infraestruturas en bo estado. O beneficio chegou a tódalas parroquias do noso municipio.

Traballos de acondicionamento do tanque de auga de Atás

■ O Concello atendeu a petición do pobo de Atás para realizar melloras no tanque de auga. As brigadas municipais de obras traballaron no acondicionamento deste depósito, que se utiliza como piscina e para regadío. Estas brigadas traballan a cotío na reparación dos desperfectos en infraestruturas e servizos en calquera pobo do municipio.

Xestións para a construción dunha planta de biomasa

■ Unha empresa alemá amosou interese en construír unha planta de biomasa en Cualedro. A súa finalidade é a produción eléctrica a partir da combustión de leña, matorrales e outros produtos de refugallo forestal. Esta iniciativa veríase con bos ollos dende o Concello xa que contribuíría a manter limpos os nosos montes.

otío tódalas necesidades que plantexan os nosos veciños e veciñas"

Luciano Rivero Cuquejo, alcalde

Nova zona de despegue de parapentes no Larouco



A Deputación Provincial de Ourense asumíu un compromiso co Concello de Cualedro para habilitar unha zona de despegue de parapente na Serra do Larouco. Este lugar é fronteirizo coa Cámara Municipal de Montalegre e pertence á parroquia de A Xironda, nas inmediacións do antigo refuxio de repoboación forestal. As obras serán financiadas polo Concello, pero executadas con maquinaria da Deputación Provincial, co que suporá un aforro importante, aínda que o custe non é elevado. A Serra do Larouco é, dende hai varios, o principal escaerio para a práctica do parapente de Galicia e do Norte do Portugal, xa que eiquí celebráronse campionatos ibéricos e mundiais.

O Concello participa no Premio Taboada Chivite



A antropóloga portuguesa Paula Godinho foi a gañadora da primeira edición do recuperado premio de investigación "Taboada Chivite", no que participa o Concello de Cualedro a través da Mancomunidade. Esta convocatoria, dotada con 6.000 euros para un único premio, coincidiu co centenario do nacemento de Xesús Taboada Chivite, prestixioso escritor, etnógrafo e investigador.

Paula Godinho



O concello de Cualedro estivo representado na Expo Universal de Zaragoza, aínda que de xeito simbólico. O pabellón de Galicia incluíu unha parede con paneis multimedia construída con recipientes de auga recollida en cada un dos municipios da nosa terra. Os de Cualedro figuraban a carón dos da auga procedente de Padrenda.

Cualedro, na Expo Zaragoza 2008



Actividades culturais e lúdicas para os máis novos



O programa "Titirimaxia" da Consellería de Cultura trouxo a Cualedro varios espectáculos dirixidos ó público infantil. Algún, como o de monicreques (na imaxe) implicou tamén ós pais/nais dos rapaces. Durante o verán, sobre todo, o Concello organizou diferentes actividades encamiñadas a facerlles máis agradables e levadeiras as vacacións.

Luciano Rivero: "A tramitación do Plan Xeral e a lei da dependencia serán claves no 2009"

A tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal é unha dos grandes obxectivos do Concello de Cualedro para o ano 2009. Así o entende o alcalde, Luciano Rivero. **¿De que xeito vai incidir no futuro?**

Luciano.- Á hora de configurar un modelo de municipio moderno, o planeamento urbanístico é sempre clave e ven determinado polas obrigas que impón a Lei do Solo de Galicia. Na súa tramitación, tentamos recabar o maior consenso posible, buscando solucións a tódalas propostas que xurdiron dos nosos veciños durante as dúas fases de exposición pública. Este Plan Xeral establecer as pautas que debemos seguir en Cualedro no referido á construción de vivendas, pero tamén no eido industrial, no uso das fincas rústicas, etc.

¿Que obxectivos ten para o ano 2009?

Luciano.- Hai proxectos de obras necesarias, que non poden agardar, polo que nos próximos meses seguiremos artellando solucións a tódolos problemas que poidan xurdir nos pobos de Cualedro. Pero, sen dúbida, unha liña de traballo importante, que será pronto realidade, vaise centrar aínda máis na atención ás persoas maiores do municipio, que vai aumentando paulatinamente, como acontece en tódolos concellos da Galicia do interior. Penso que a entrada en vigor da Lei da Dependencia posibilitará mellorala atención de moitas persoas que viven cos seus familiares. Tamén estamos a sopesala posibilidade de pór en marcha outros programas de atención directa, como pode sela "comida no fogar". Outra preocupación é mellorala axuda a domicilio, que xa é importante hoxe, e que beneficia a un bo número de veciños e veciñas. Está claro que esta vai ser unha liña de traballo non só para o novo ano, senón a medio e curto prazo. Tódolos mecanismos do Concello de Cualedro están a punto para resolver tódalas incidencias que poidan afectar a ese propósito que é o de acadar unha boa calidade de vida en tódolos pobos de Cualedro.



Coa recente Lei da Dependencia e outras prestacións xestionadas polo Concello de Cualedro co Consorcio ábreanse novas posibilidades no eido dos Servizos Sociais. Luciano Rivero considera que hai que dar unha resposta axeitada en todo momento ó colectivo de persoas maiores do noso municipio para resolver con eficiencia os seus problemas específicos.

Apoio do Concello a programas de dinamización

A organización de actividades de formación ocupacional e de promoción da saúde é unha constante do Concello de Cualedro ao longo do ano. Unhas das que gozan de máis popularidade son as de manualidades e de ximnasia de mantemento. As participantes no curso artístico reuníronse para celebrala clausura e amosar os traballos realizados (imaxe inferior). As clases de ximnasia para maiores celébranse en Cualedro, Montes e A Xironda cunha aceptable participación.



O acto de clausura dos cursos municipais contou tamén coa presenza dos rapaces e rapazas, do alcalde, Luciano Rivero, e de representantes do departamento de Servizos Sociais da Mancomunidade de Verín-Monterrei, que colaborou na súa organización.

As tecnoloxías, ó servizo dos cidadáns

A páxina web do Concello de Cualedro quere converterse en referencia de tódolos veciños e un contacto permanente cos do exterior

O Concello de Cualedro renovou a páxina web cun novo deseño e máis contidos, para facela máis accesible e dinámica. Esta iniciativa pretende a modernización das infraestruturas dixitais coas que conta o Concello (por exemplo, o servizo de correo electrónico ou a propia páxina web). Outra liña de traballo é o programa de alfabetización dixital a través do que se achegará ás persoas maiores o uso dos ordenadores. Deste xeito, o Concello de Cualedro tenta loitar contra a fenda dixital que está tan presente no rural e que semella están esquecendo as distintas Administracións públicas.

Con esta páxina web, o Concello pretende implementar,



O alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, considera que “a nova páxina web pretende ser un punto de encontro lonxe das tradicionais fronteiras. Un punto de encontro no que se pode atopar información útil, curiosa e actualidade sobre o noso municipio”.

paulatinamente, un servizo de administración electrónica, de maneira que algúns documentos se poidan solicitar na páxina web e reenviar ó correo electrónico do solicitante.

Isto supón unha vantaxe grande para os veciños, xa que non estarán obrigados a desprazarse ata a Casa Consistorial. Este servizo está enfocado, principalmente, cara ós veciños e veciñas que, por motivo de traballo ou cuestións familiares, teñan fixada a súa residencia lonxe de Cualedro.

Asemade, os cidadáns teñen acceso libre a Internet a través do Telecentro e dos ordenadores nos locais de varios pobos de Cualedro. ■

Un libro da Mancomunidade para coñecer mellor Cualedro e a comarca

A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín (Monterrei, Verín, Laza, Vilardevós, Castrelo do Val, Oimbra e Cualedro) ven de editar un libro que pretende dar unha imaxe de conxunto sobre esta zona a partir da singularidade de cada ún dos concellos deste “Extremo Sur”, que é o subtítulo da publicación.

Antes de diseccionalo carácter de cada municipio, o libro sitúanos a nivel xeográfico e histórico, con datos socioeconómicos de interese, sempre cunha linguaxe asequible ó lector medio.

Ao chegar a Cualedro atopamos unha guía cos datos de interese dos distintos pobos, das rutas de sendeirismo, de tradicións etnográficas, como o Entroido, da arquitectura tradicional, como os muíños, e tradicións únicas do noso concello, como as cortiñas da casa da neve dos pobos da montaña. Sen esquecer os castros, outro dos sinais da nosa identidade. ■



“Comarca de Verín. Extremo Sur” está editado pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, coa colaboración do Plan Interreg III de Cooperación Transfronteiriza entre España e Portugal. O capítulo de Cualedro leva por título “No camiño máis remoto”. ■

Nova publicación da Fundación Comarcal

O turismo é outro dos recursos que deben diversificar e potenciar o tecido socioeconómico da nosa comarca, a partir dos moitos recursos que temos: paisaxe e respecto medioambiental, historia, monumentos, as augas, etc. Así o entende a Fundación Comarcal de Verín á hora de establecer novas liñas de promoción turística, dando a coñecer estes tesouros.

Para elo, a Fundación está elaborando unha guía de man, coa colaboración do Interreg III, que pretende ser unha primeira aproximación visual, con moitas fotografías a cada ún dos concellos da nosa bisbarra. ■

A poboación de máis idade precisa dunha atención específica

Cualedro conta a día de hoxe cunha poboación de 2.200 persoas, das que 1.048 son homes, e 1.152, mulleres. Desta cantidade, hai 1.200 veciños ou veciñas que superan os 65 anos, o que supón máis do 54 por cento do total. Asemade, unha porcentaxe alta deste colectivo de persoas maiores vive soa ou carece de familia, ou non contan con apoio dos familiares directos por cuestións de traballo ou residencia.

Por este motivo, o Concello de Cualedro puxo en marcha dende hai varios anos algúns programas específicos dirixidos a este sector da poboación cada vez maior, como a teleasistencia, a axuda no fogar ou a recente Lei da Dependencia, dentro do Consorcio Galego de Servizos Sociais. A finalidade destas actuacións é favorecer a permanencia das persoas dependentes no seu fogar o máximo tempo posible, tentando sempre manter ou melloralasúa calidade de vida.

A través do departamento municipal de Servizos Sociais, facilítase todo tipo de información e asesoramento sobre estas cuestións, e outras moitas como a emerxencia social, apoio a familias e todo tipo de colectivos desfavorecidos, tramitacións de pensións e axudas específicas, etc.

Agora, a nova Lei da Dependencia abre novas posibilidades de atención as persoas maiores a cargo dos propios familiares. Esta Lei precisa, non obstante, de maiores recursos para acadar a plena implantación.

Servizos Sociais: sempre solidarios

No último ano atendéronse nas dependencias municipais a máis de 400 usuarios/as

O departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Cualedro, coordinado a través da Mancomunidade de Verín-Monterrei, abriu durante o ano 2008 algo máis de 300 expedientes para solicitudes de axudas, subvencións, pensións, etc. Os

recursos aplicados corresponden, na maior parte, a cuestións referidas ás necesidades básicas, vivenda, prestacións de servizos sociais, etc. Os sectores de poboación de maior incidencia son os da terceira idade, muller e xuventude.

Belén Jiménez, traballadora social:

“O noso traballo céntrase en dar unha resposta profesional a problemas de orixe social”



**Servizos
Sociais de
Atención Primaria
de Cualedro**

Atención ó público:
**lúns e mércores
laborables,
de 9:00 a 14:30**

Pregunta: *¿Que son os Servizos Sociais de Atención Primaria?*

Belén: De xeito resumido, son programas específicos do noso Concello, a maior parte das veces coordinados con outras Administracións públicas, como a Xunta de Galicia, e que realizan unha acción social globalizadora e polivalente, tentando dar unha resposta profesional a problemas de orixe social. Están dirixidos ó conxunto da poboación do noso ámbito xeográfico e teñen por obxectivo promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar individual e social de tódolos cidadáns do concello de Cualedro. Hoxe en día dependen da Mancomunidade de Concellos de Verín-Monterrei.

P: *¿Cales son os principais programas cos que traballan vostedes?*

Belén: O Servizo Social de Atención Primaria desenvolve actualmente en Cualedro e na Mancomunidade cinco programas de intervención que son os de Información e Orientación; Apoio á Unidade Convivencial e Axuda a Domicilio; Prevención; Reinserción e o Programa de Educación Familiar.

P: *¿Con estes programas cúbrese as necesidades básicas dos nosos veciños e veciñas?*

Belén: A capacidade para atendelas necesidades básicas dos nosos veciños depende do número de demandas e dos recursos existentes en cada momento. Actualmente, as necesidades básicas da poboación están cubertas nun nivel aceptable, aínda que a misión dos Servizos Sociais non é limitarse ás necesidades básicas, senón contribuir ó desenvolvemento da comunidade, no seu conxunto.

O bispo de Ourense agradeceu o recibimento dos fregueses Don Luis Quinteiro realizou varias visitas pastorais

San Roque de Carzoá foi a primeira parroquia que visitou o bispo de Ourense durante o percorrido polo Arciprestazgo de Cualedro. A pesar do mal tempo, case tódolos fregueses desta pequena parroquia acodiron ó templo para celebrala Eucaristía e saudar persoalmente a don Luis Quinteiro. Trala misa, rezáronse tres responsos polos defuntos da

Durante varios fins de semana do verán e do outono, o bispo de Ourense, don Luis Quinteiro Fiuza, visitou as parroquias de Atás, Cualedro, Rebordondo, Carzoá, Penaverde, Baldriz, A Lucenza, A Xironda, San Millán, Santa Baia de Montes e Vilela. O prelado quedou moi agradecido polo recibimento que lle brindaron os párrocos e os fregueses de tódalas parroquias visitadas.


parroquia. Depois, reuníuse á saída do templo cos veciños e animounos a seguir "coidando e acrecentando a fe e a esperanza na nosa igrexa". Este sería, en poucas palabras, o guión que habería de seguir o bispo de Ourense nas sucesivas visitas que realizou a case tódalas parroquias do Arciprestazgo. Tamén se interesou polos problemas que presentan algúns templos.



Atás



Cualedro



Baldriz

Nalgunhas parroquias os fregueses recibiron ó bispo de Ourense con salutacións de benvinda e celebraron misas cantadas. Don Luis Quinteiro entregoulles ós veciños un pequeno agasallo, en lembranza desta visita pastoral. En tódalas igrexas tivo mencións especiais para os máis novos, como herdeiros da fe dos seus maiores, e animou ós párrocos a seguir apoiando co seu esforzo a tradición relixiosa.



Carzoá



A Xironda



Penaverde

Concello deportivo

O Cualedro de fútbol é o noso principal embaixador deportivo. O seu obxectivo é, ademais de deixar o mellor posible o pabellón de Cualedro, fomentala canleira e a afección ó "deporte rei". Esta tempada milita no grupo 9º da Segunda Autonómica, coa intención de conservala categoría, agardando tempos mellores.



Cualedro CF 2008/2009. De pé, de esquerda a dereita: Manolito, Irene (vicepresidenta), Chambo, Carlos (preparador físico), Mascareñas, Tino (2º adestrador), Augusto, Salva, Roberto, Rafa, Jorge, Manolo (presidente) e Luciano. Agachados: Paulino (secretario), Salinas, Suso, Samuel, Óscar, Roberto, Gabriel, Nuno, Toni, Pío (adestrador) e Goiko.



O maior éxito deportivo do ano 2008 foi a victoria do equipo do Cualedro na Liga Comarcal de Fútbol-Sala, na que participaron tamén equipos dos concellos de Verín e Monterrei. O Concello de Cualedro acadou a victoria por mellor diferenza de goles que o Vilaza, xa que ambos equipos quedaron empatados a 31 puntos, logo de gañar 10 partidos, empatar 1 e perder outro. Na terceira posición quedou o Albarellos, con 22 puntos, por diante de Vences-Estevesiños, Medeiros, Mixós-A Pousa e Pazos-A Madalena. Na imaxe: (de pé) Pucho, Fabián, Pío, Agustiño, Manolito e Nico I; agachados: Nico II, Félix, Óscar e Carlos.

¡Noraboa campións!

A pista polideportiva de Cualedro acolleu durante o verán unha exhibición de trial, a cargo de dous pilotos profesionais. O numeroso público que acudiu a esta cita puido comprobar a pericia de dous pilotos, Jordi Pascuet e Marcel Justribó, con ampla experiencia no Campionato de España e no Mundial.



Á espectacularidade contribuíu a pericia dos dous pilotos, Pascuet e Justribó, que deixaron o campionato nacional pola exhibición.

Magostos



Conservando as nosas tradicións



O colexio público de Cualedro encárgase de transmitirllles ós alumnos e alumnas as tradicións que nos legaron os nosos devanceiros. O Entroido, o Nadal eo Magosto son algunhas delas. Cadrandó co San Martiño, os profesores e os rapaces aproveitaron o bo tempo para disfrutar dun magosto tradicional nas inmediacións do campo do fútbol. Non podían fallar as castañas nen os tizóns para pintalas facianas.



A celebración do Magosto pervive aínda en pobos como As Estivadas e Atás (nas imaxes superiores). Eiquí, os veciños e veciñas reúnen tódolos anos nunha pequena festa no centro social. Castañas, produtos típicos desta época, viño, posre e licores son suficientes para disfrutar dunha animada velada que contou coa presenza do alcalde de Cualedro e do

ex conselleiro de Agricultura, Castor Gago, habitual dende hai varios anos nesta celebración de Atás. O certo é que estas festas populares contribúen a melloral cohesión social e favorecelo sentimento de amizade e boa veciñanza. Sería bo e habería que animar ós veciños dos outros pobos a que seguisen o exemplo de Atás e As Estivadas.